Nº de Activo Alegado		Sabendo que sae a exposición pública o inventario de camiños, observo que o camiño público que linda coa miña finca non aparece. Adxunto escritura da miña finca, plano da parcelaria e plano superposto da parcelaria ao do catastro onde se pode ver a existencia de dito camiño. Camiño que é limpado polo concello. Tamén marco un camiño que non aparece no inventario e é o que vai por detrás do instituto, que se ve no plano da parcelaria.	
IC.I.1031			
Resolución do Concello			
<b>I · ESTIMADA</b>		Alta do activo IC.I.1031 no inventario municipal de Cedeira	
Motivación para o ditame			
Vista a documentación achegada e consultada, proponse ESTIMAR a alegación, procedendo á alta dun activo no inventario de camiños de Cedeira. Debe terse en conta que o inventario municipal, tal como se indica no capítulo III no artigo 33 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, trátase dun documento rectificable anualmente onde se reflicten as modificacións acontecidas sobre os bens, de calquera índole, durante este período.			

<b>ALEG.015</b>	<b>0789</b>	<b>INCLUSIÓN</b>	Luis Quintana García
Nº de Activo Alegado		Como herederos de la finca denominada Corgos, Polígono 57 Parcela 628, nos encontramos que no tiene continuidad el camino 115-135 del plano B-9 na nosa finca, polo tanto non ten acceso.	
IC.I.0115			
IC.I.0135			
Resolución do Concello			
<b>2 · DESESTIMADA</b>		Non modifica o inventario	
Motivación para o ditame			
Vista a documentación achegada e consultada, proponse DESESTIMAR a alegación. Debe terse en conta que o inventario municipal, tal como se indica no capítulo III no artigo 33 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, trátase dun documento rectificable anualmente onde se reflicten as modificacións acontecidas sobre os bens, de calquera índole, durante este período.			



<b>ALEG.016</b>	<b>0813</b>	<b>INCLUSIÓN</b>	Jose Antonio Rodríguez Arribe
Nº de Activo Alegado		Que de conformidade con lo dispuesto por el ayuntamiento de Cedeira en relación a la solicitud de inclusión o exclusión de un camino en el Inventario de caminos públicos del ayuntamiento de Cedeira. Solicita la inclusión del camino en ese inventario localizado en el planos B-II entre Iso caminos nº 158 y 171 del citado inventario para lo que acompaña la documentación precisa (entre las parcelas nº 3747, 3748 y 3749)	
Resolución do Concello		Non modifica o inventario	
<b>2 · DESESTIMADA</b>			
Motivación para o ditame			
Proponse DESESTIMAR a alegación, xa que só aporta plano catastral actual, e non hai máis indicios da existencia do camiño proposto. Debe terse en conta que o inventario municipal, tal como se indica no capítulo III no artigo 33 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, trátase dun documento rectificable anualmente onde se reflicten as modificacións acontecidas sobre os bens, de calquera índole, durante este período.			

<b>ALEG.017</b>	<b>0814</b>	<b>INCLUSIÓN</b>	Sergio Rodríguez Fraguela
Nº de Activo Alegado		Que de conformidade con lo dispuesto por el ayuntamiento de Cedeira en relación a la solicitud de inclusión o exclusión de un camino en el Inventario de caminos públicos del ayuntamiento de Cedeira. Solicita la inclusión el camino en ese inventario localizado en el planos B-II entre Iso caminos nº 158 y 171 del citado inventario para lo que acompaña la documentación precisa (entre las parcelas nº 3747, 3748 y 3749)	
Resolución do Concello		Non modifica o inventario	
<b>2 · DESESTIMADA</b>			
Motivación para o ditame			
Proponse DESESTIMAR a alegación, xa que só aporta plano catastral actual, e non hai máis indicios da existencia do camiño proposto. Debe terse en conta que o inventario municipal, tal como se indica no capítulo III no artigo 33 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, trátase dun documento rectificable anualmente onde se reflicten as modificacións acontecidas sobre os bens, de calquera índole, durante este período.			

<b>ALEG.018</b>	<b>0684</b>	<b>INCLUSIÓN</b>	Ricardo García Loureiro - Manuel García Loureiro - Ángel García Loureiro
Nº de Activo Alegado		Actuamos en calidad de copropietarios de la finca que se describe a continuación, solar que linda al norte con camino público. Finca a solar llamada Areosa, que tiene una superficie de 639 m2 (615 según medición realizada por levantamiento topográfico) Linda: Norte, camino público (camino del que solicitamos su inclusión en el inventario) y Raúl Bustabad Yáñez.... REFERENCIA CATASTRAL- I5022A057001760000IV.	
Resolución do Concello		Non modifica o inventario	
<b>2 · DESESTIMADA</b>			
Motivación para o ditame			
Vista a documentación achegada e consultada, proponse DESESTIMAR a alegación. Non aparece nin en catastro, nin no PXOM, no catastro histórico parece parte da parcela... Debe terse en conta que o inventario municipal, tal como se indica no capítulo III no artigo 33 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, trátase dun documento rectificable anualmente onde se reflicten as modificacións acontecidas sobre os bens, de calquera índole, durante este período.			



<b>ALEG.019</b>	...	<b>BAIXA</b>	Concello de Cedeira
Nº de Activo Alegado		Baixa do camiño 554	
IC.I.0554			
Resolución do Concello		Baixa do activo IC.I.1031 no inventario municipal de Cedeira	
<b>I -ESTIMADA</b>			
Motivación para o ditame			
Vista a documentación, propónse ESTIMAR a alegación, procedendo á baixa do activo 554 no inventario de camiños de Cedeira. Debe terse en conta que o inventario municipal, tal como se indica no capítulo III no artigo 33 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, trátase dun documento rectificable anualmente onde se reflicten as modificacións acontecidas sobre os bens, de calquera índole, durante este período.			

<b>ALEG.020</b>	...	<b>INCLUSIÓN</b>	Concello de Cedeira
Nº de Activo Alegado		Inclusión dun camiño no núcleo de Muruxás	
IC.I.1032			
Resolución do Concello		Alta do activo IC.I.1032 no inventario municipal de Cedeira	
<b>I -ESTIMADA</b>			
Motivación para o ditame			
Vista a documentación, propónse ESTIMAR a alegación, procedendo á alta dun novo activo no inventario de camiños de Cedeira. Debe terse en conta que o inventario municipal, tal como se indica no capítulo III no artigo 33 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, trátase dun documento rectificable anualmente onde se reflicten as modificacións acontecidas sobre os bens, de calquera índole, durante este período.			

<b>ALEG.021</b>	...	<b>MODIFICACIÓN</b>	Concello de Cedeira
Nº de Activo Alegado		Modificación do trazado do camiño 106 e do 94	
IC.I.0106			
IC.I.0094			
Resolución do Concello		Modificación dos activos IC.I.0094 e IC.I.0106 no inventario municipal de Cedeira	
<b>I -ESTIMADA</b>			
Motivación para o ditame			
Vista a documentación, propónse ESTIMAR a alegación, procedendo á modificación dos números de activo 106 e 94 no inventario de camiños de Cedeira, xa que un trazado do que actualmente está como vial municipal, é parcela municipal e non vial. Debe terse en conta que o inventario municipal, tal como se indica no capítulo III no artigo 33 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, trátase dun documento rectificable anualmente onde se reflicten as modificacións acontecidas sobre os bens, de calquera índole, durante este período.			

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdG-PSOE, e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

O Sr. Rubido Ramonde di: Nós imos votar en contra. Creemos que é un tema bastante serio para, polo menos tratar en profundidade as alegacións da xente e dilatalo máis no tempo. Entendemos que o que se debe é abrir unha oficina permanente con todo o material e dilatar moito máis isto para que vaia ben. É un tema que pode ter consecuencias e, incluso, pleitos.

O Sr. Alcalde di: Unha pregunta, sen ánimo de discrepar de nada que entendo o que queres dicir; votatedes a favor no anterior?



O Sr. Rubido Ramonde di: Nós votáramos a favor da iniciativa. E apoiámola, por suposto. É tan seria a cousa que pensamos que se lle debe dar máis publicidade. Incluso ter un funcionario ou funcionaria atendendo sobre este tema.

O Sr. Alcalde di: Estou completamente de acordo. O único que se fixo foi presentalo no Pleno, aprobalo e poñelo a exposición pública para presentar alegacións. E está ben o que dis. Aínda que agora se aprobe o día de mañá pode haber outro tipo de alegacións que se fagan e sí que ten que haber persoal que mire e que revise as alegacións que se fagan, xa que igual moita xente non se enterou do período de alegacións. Creo que ten que ser un documento que supoño que non será inamovible. Ten que ser un documento que se adapte á lexislación e ás necesidades que existan. Aquí están contestadas moitas alegacións, pero, probablemente, haberá moita xente que non as coñeza. Niso estamos todos de acordo.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por oito (8) votos a favor, do PSdeG-PSOE (6) e do BNG (2), e catro (4) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

### 3. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº Decreto	Asunto
000145/2023	SOLICITUDE DE AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA E NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTO)
000146/2023	PAGO PREMIOS ENTROIDO 2023
000147/2023	NÓMINA DE MARZO DE 2023
000148/2023	Tramitación de Decretos - 18314/2022 Resolución de recurso de reposición Ordinario
000149/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE TARIMAS E PANEIS DE PLADUR NO PALACETE MUNICIPAL PARA O MUSEO TERRAS DE CEDEIRA
000150/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EXPOSITORES NO PALACETE MUNICIPAL PARA O MUSEO TERRAS DE CEDEIRA
000151/2023	BASES REGULADORAS SUBVENCÍONS LIBRE CONCORRENCIA SOCIOCULTURAI 2023
000152/2023	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DONA JOSEFA PIÑÓN PIÑÓN COMO AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCION DE DONA MARÍA CARMEN PÉREZ PRIETO DE BAIXA POR INCAPACIDADE LABORAL TEMPORAL
000153/2023	BASES LIBRE CONCORRENCIA DEPORTIVAS 2023
000154/2023	APROBACIÓN DO PLAN DE SEG. E SAÚDE, PROGRAMA DE TRABALLO, XESTIÓN DE RESIDUOS E RELACIÓN DE SUBCONTRATISTAS E PROVEEDORES NA OBRA DE MELLORAS NA MOBILIDADE PEONIL E NA REDE DE DRENAXE NA RÚA REGUEIRO
000155/2023	BASES LIBRE CONCORRENCIA COMISIÓNS DE FESTAS 2023
000156/2023	PRÓRROGA DE TRES MESES DO NOMEAMENTO DE DON JESÚS PITA LEONARDO COMO FUNCIONARIO AUXILIAR ADMINISTRATIVO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, ADSCRITO AO DEPARTAMENTO DE ADMINISTRACIÓN XERAL CON FUNCÍONS





	NA ÁREA DE URBANISMO.
000157/2023	SOLICITUDE DE COPIA DE PROXECTO ORIXINAL BÁSICO DO HOTEL HERBEIRA SITO NO LUGAR DE CORDOBELAS PARA ENVIO A CONSELLERÍA DE TURISMO
000158/2023	DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 230/2022 DE VIAQUA SAU CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
000159/2023	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2023/18
000160/2023	MARIA DEL PILAR SAUCEDO DEL CAMPO SOLICITA copia de la licencia original de construción (licencia 183/1967) e documentación enviada a outros organismos do exp. 2022/u022/000010
000161/2023	Tramitación de Decretos - 18458/2022 Resolución de recurso de reposición Ordinario
000162/2023	Tramitación de Decretos
000163/2023	INSTALACIÓN DE CÁMARAS DE VIXILANCIA PARA A XESTIÓN, REGULACIÓN, ORDENACIÓN, VIXILANCIA, E DISCIPLINA DO TRÁFICO NAS VÍAS URBANAS
000164/2023	APROBACIÓN DO PLAN DE SEG. E SAÚDE E XESTIÓN DE RESIDUOS NA OBRA DE RENOVACIÓN DO ALUMBRADO PUBLICO NA AVDA. AREA E AVDA. CASTELAO
000165/2023	SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2023-2024, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA PAC 2023-2027 EN GALICIA, DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL MR701E
000166/2023	SOLICITUDE DE AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTO)
000167/2023	XUSTIFICACION DA AES MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 33/2023 DO 27.01.2023
000168/2023	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE MARZO DE 2023
000169/2023	BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO, A CONTRATAR AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA PEL CONCELLOS 2023
000170/2023	DEVOLUCIÓN DA TAXAS DE INGRESO POR PARTICIPACIÓN EN PROCESO DE ESTABILIZACIÓN
000171/2023	SOLICITUDE DE AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA OU ALOXAMENTO
000172/2023	SOLICITUDE DE AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (GASTOS SANITARIOS E FARMACEUTICOS)
000173/2023	SOLICITUDE DE AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (GASTOS SANITARIOS E FARMACEUTICOS)
000174/2023	CONTRATO MENOR DE OBRAS DE REPARACIÓN E LIMPEZA DA CUBERTA DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
000175/2023	SOLICITUDE DE AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTO)
000176/2023	SOLICITUDE DE AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTO)
000177/2023	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE PARA O ANO 2023 -TR351A
000178/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MATERIAL DE SON PARA O AUDITORIO MUNICIPAL
000179/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS AO INVENTARIO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS
000180/2023	LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDO/AS E EXCLUÍDOS/AS, COMISION SELECCIONADORA E CONVOCATORIA DA PROBA PARA A FORMACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO ADMINISTRATIVO/A





000181/2023	SOLICITUDE RENOVACIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALIDEZ
000182/2023	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
000183/2023	MODELOS AEAT 111 E 303 DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2023
000184/2023	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
000185/2023	SOLICITUDE DE COPIA DE PLANOS DE EDIFICIO EN CALLE VIVEIRO. EXPEDENTE: 18/92 Y 121/93
000186/2023	SOLICITUDE DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE
000187/2023	Tramitación de Decretos - 99500000028599 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
000188/2023	XUSTIFICACION DA AES MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 505/2022 DO 26.09.2022
000189/2023	CONTRATACIÓN DE DONA MARÍA TERESA PÉREZ PÉREZ COMO LIMPADORA INTERINA POR SUBSTITUCIÓN DA TRABALLADORA DONA BENIGNA PÉREZ VILLAR
000190/2023	XUSTIFICACION DA AES MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 67/2023 DO 15.02.2023
000191/2023	XUSTIFICACION DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 379/2022 DO 18.07.2022
000192/2023	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 106/2023 DO 08.03.2023
000193/2023	DISPOSICIÓN DE GASTOS POR ASISTENCIAS AO PROCESO PARA ACTUALIZACIÓN DE MÉRITOS ANUALIDADE 2022 DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓN LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR
000194/2023	Aportación de Documentación Complementaria a nome de MATTHEW RODRIGUEZ HARE
000195/2023	CESE DAS FUNCIONARIAS INTERINAS DONA IRIS PITA LEONARDO E DONA VICTORIA LUISA GOMEZ FUSTES
000196/2023	APROBACION DA RELACION DE FACTURAS F-2023-22
000197/2023	Tramitación de Decretos - 99500000028652 Acuerdo Inicio Acuerdos de Inicio
000198/2023	NOMINA ABRIL 2023
000199/2023	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO DO 02.05.2023 (SORTEO DAS MESAS)
000200/2023	SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA ORDE DO 21 DE MARZO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS, DE CARÁCTER PLURIANUAL E EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DIRIXIDAS A CONCELLOS PARA A CONSTRUCCIÓN, REFORMA, REPARACIÓN, ADECUACIÓN OU MELLORA DE INSTALACIÓN DEPORTIVAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL DEPORTIVO INVENTARIABLE, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA OS ANOS 2023 E 2024 - CÓDIGO DE PROCEDEMENTO DE401C
000201/2023	APROBACIÓN DO PROXECTO EMENDADO DE REFORMA E CONSERVACIÓN DE EDIFICIO ESCOLAR DO LUGAR CORREDOIRA. POS+2023
000202/2023	APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO EMENDADO DE REFORMA E ADECUACIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO EXISTENTE EN SAN ROMÁN -EDAR DE SAN ROMÁN- POS+2023
000203/2023	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA LIMPEZA DE PRAIAS 2023
000204/2023	SOLICITUDE DE AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA OU ALOXAMENTO E NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTO)
000205/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE DESEÑO, LIMPEZA E MARCAJE DO CIRCUITO "ENTORNO TRAIL-RUN SAN ANDRÉS-HERBEIRA"
000206/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE VITRINAS DE METACRILATO PARA O MUSEO TERRAS DE CEDEIRA



000207/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE EBANISTERÍA PARA CONSOLIDACIÓN E LIMPEZA DE PEZAS HISTÓRICAS DE MADEIRA CON DESTINO AO MUSEO TERRAS DE CEDEIRA
000208/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE MOBILIARIO NO PALACETE MUNICIPAL PARA O MUSEO TERRAS DE CEDEIRA
000209/2023	LEVANTAMENTO REPARO E APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2023/23
000210/2023	REMISION DA OFERTA AO SERVICIO PUBLICO DE EMPREGO PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DUN PEÓN DE LIMPEZA DE MONTES
000211/2023	REINTEGRO IMPORTE NON XUSTIFICADO SUBVENCIÓN APROL 2018. EXPEDIENTE: TR351 G 2018/66-1
000212/2023	PRORROGA DO CONTRATO DE TRABALLO DE MARIA BUSTABAD MARTINEZ COMO EDUCADORA FAMILIAR DO CONCELLO DE CEDEIRA ANO 2023
000213/2023	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO DO 05.05.2023
000214/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE INFOGRAFÍA BÁSICA PARA A EXPOSICIÓN PERMANENTE NO MUSEO TERRAS DE CEDEIRA
000215/2023	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DONA MARIA DA CONCEICAO AZEVEDO DA SILVA JAQUES COMO AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCION DE DONA JOSEFA PIÑÓN PRIETO POR BAIXA IT.
000216/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE 6 UDS. ORDENADORES PORTÁTILES PARA IMPARTIR CURSOS DE INFORMÁTICA
000217/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE REALIZACIÓN DE CAMPAÑA PARA POSTA EN VALOR DAS PROFESIÓN FEMINIZADAS
000218/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE MANTEMENTO, LIMPEZA E DIVULGACIÓN AO LONGO DO ANO 2023 DA SAUNA CASTREXA E DEFENSAS DO CAMPO DO CASTRO. MANTEMENTO DA PÁXINA WEB
000219/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE TOLDOS VERTICAIS ENRROLLABLES PARA PISTA DE PADEL
000220/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE CANAIS DE RECOLLIDA DE AUGAS NA CUBERTA DA PISTA DE PADEL ANEXA AO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
000221/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (VESTIDO)
000222/2023	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACIÓN)
000223/2023	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DUAS AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL PARA 2023 POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN.
000224/2023	APROBACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS COMO AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR TRAS A ACTUALIZACIÓN DE MÉRITOS DO ANO 2022
000225/2023	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DUN OPERARIO - CONDUTOR A XORNADA COMPLETA DURANTE SEIS MESES.
000226/2023	Tramitación de Decretos
000227/2023	CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA, NOMEAMENTO DE COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO DUN PEÓN PARA LIMPEZA DE MONTES- APROL 2023
000228/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAUDE DA OBRA DE AGLOMERADO DE VIAL DESDE O BARRAL HASTA LA AC-566
000229/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE PROXECTOR PARA O AUDITORIO MUNICIPAL
000230/2023	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE MAN DE OBRA PARA LIMPEZA E CATAS DO SÓTANO DO AUDITORIO MUNICIPAL
000231/2023	SOLICITUDE DE COPIA DE LISTADO DE ASOCIACIÓNS, CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS DO CONCELLO DE CEDEIRA.
000232/2023	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE APLICACIÓN INFORMÁTICA PARA O



	INVENTARIO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS
000233/2023	Tramitación de Decretos - 99500000028781 Resolución Sancionadora Resolución Sancionadora
000234/2023	APROBACIÓN DO PLAN DE SEG. E SAÚDE DA OBRA DE AGLOMERADO DE VIAL DESDE O BARRAL ATA A ESTRADA AC-566
000235/2023	Tramitación de Decretos
000236/2023	RECOÑECER A OBRIGA E ORDEAR O PAGO AO RELATOR ANGEL MARÍA ARCAY POLA PRESENTACIÓN DUN LIBRO NA BIBLIOTECA MUNICIPAL
000237/2023	REMISIÓN DE EXPEDIENTE AO XULGADO P.A. 230/2022, VIAQUA SAU CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA
000238/2023	LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO DE SELECCIÓN PARA CONTRATAR CATRO PEÓNS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL PEL-CONCELLOS 2023 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
000239/2023	DELEGACION DE FUNCIONS DE ALCALDIA NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE do 16 ao 19 de maio de 2023 (ambos incluídos)
000240/2023	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE ABRIL DE 2023
000241/2023	REMISION DA OFERTA DE EMPREGO AO SERVICIO PUBLICO DE EMPREGO PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAS PERCEPTORAS DE RISGA 2023
000242/2023	APROBACIÓN DA PROPOSTA DA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN PEÓN DE LIMPEZA DE MONTES AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN APROL RURAL 2023
000243/2023	CONTRATACIÓN DUN PEÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL - APROL RURAL 2023. SUBVENCIONADO POLA XUNTA DE GALICIA. PROCEDEMENTO TR351G
000244/2023	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 25.05.2023

O Pleno da Corporación queda enterado.

#### 4. MOCIÓNS DE URXENCIA

Pola Presidencia pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razón de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún.

#### 5. ROGOS E PREGUNTAS

A Sra. Rodríguez Pérez di: Quen leva o tema do PAC? Quen o xestiona administrativamente?

O Sr. Alcalde di: A Técnico de administración xeral e o administrativo que está con ela.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Cáles son os criterios?

O Sr. Alcalde di: O que nos marca a Xunta. É coma sempre, coma cando estabades vosoutras tamén no goberno. Mandan unha carta cun documento coas hectáreas que lle tocan a cada persoa. Eles fan o estudio do ano anterior a este ano do que se traballaron os terreos. E fan así. Por exemplo, se ti traballaches unha hectárea e eles, ó ano seguinte, comprobaban cos medios que teñen que ti non traballaches a hectárea enteira, igual sácanche esa parte.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Na Xunta o que din é que quen o xestiona e quen pon os criterios é o Concello.



O Sr. Alcalde di: Eu falei co Subdirector Xeral e quedara con el para ir con xente e en representación dos gandeiros e xa lle dixen, porque eu tamén escoitara iso, que cómo que eramos nós, se eles mándannos unha carta con todo iso. Mandan as follas de cada un coas hectáreas. E que nós non temos nin coñecemento das cabezas de gando que ten cada persoa. Nós non podemos saber iso desde o Concello.

A Sra. López Rodríguez di: Pola maneira que teñen de facer o reparto, eles tampouco.

O Sr. Alcalde di: Non sei se viñeras ti comigo unha vez que tivéramos que ir a Ortigueira?

A Sra. Rodríguez Pérez di: Si. Creo que si.

O Sr. Alcalde di: E que estaban co tema dos papeis e che sacaban o papel de cada un e todo iso.

A Sra. Rodríguez Pérez di: A min paréceme un tema no que hai tanto oscurantismo.

O Sr. Alcalde di: Si que hai. O outro día nunha reunión con veciños, falando disto, ó final nin se poñían de acordo entre eles. É moi complicado. E despois hai xente que igual ten moito gando e moi pouco terreo.

A Sra. López Rodríguez di: Ou que teñen moito terreo e o pouco gando que teñen o teñen aquí.

O Sr. Alcalde di: Pero bueno, creo que foi agora ao Parlamento. Pero bueno, o que se pode facer independentemente do que se votara, porque o Partido Popular votou en contra, non?

A Sra. López Rodríguez di: Si. A petición era, realmente, que se fixera unha Mesa, non era o que se pedía onte. Porque as preguntas se fixeron en marzo.

O Sr. Alcalde di: Pódese pedir ao Alcalde que saia elixido das eleccións do domingo que pida unha reunión co Director e co Subdirector.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu quería facer unha observación. Igual xa se iniciou expediente de ruína, pero aquí na Rúa Real hai un edificio que calquera día hai unha desgracia tremenda. Non sei se iniciáchedes expediente.

O Sr. Alcalde di: Si. Hai agora mesmo abertos catro procedementos para temas de “ou restauras ou tiras”.

O Sr. Rubido Ramonde di: Ese é especial. É o seguinte ao do Pazo non, o outro.

O Sr. Alcalde di: Xa tivéramos problemas. É un tema moi complexo. Ademais son cousas das que non debería falar.

O Sr. Rubido Ramonde di: Non sei se hai algunha solución.

O Sr. Alcalde di: Dislle á xente que ten que tiralo ou arranxalo, entón hai casos nos que a xente te pode dicir que economicamente non está ben, e o que di a Lei é que o venda.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Claro, e quen o compra?



O Sr. Alcalde di: Ou tes que regalalo. É un tema complexo.

O Sr. Rubido Ramonde di: Ou cedelo. Pero bueno, veñen sendo dous. Eu teño coñecemento profesional de que comparten vigas. Dividíronse no seu día, ao mellor fai setenta anos. Nunha familia un levantou un tabique. Iso tédelo que falar tamén porque o propietario creo que vive enfronte, non?

O Sr. Alcalde di: Si.

O Sr. Rubido Ramonde di: Só era iso, pero o perigo non ten momentos. Tedes que mirar iso.

O Sr. Alcalde di: A galería que está aquí, antes da perruquería, eu xa non paso por debaixo. Aínda aguanta moito. A de aquí, non a que está subindo á Igrexa. Saes e méteste na Rúa Real á dereita.

O Sr. Rubido Ramonde di: O que saia que intente comprala e que abran un paso ó interior. Eu creo que sería por pouco prezo.

O Sr. Alcalde di: Bueno, nós agora andamos co tempo moi xusto, pero no seguinte Pleno, dependendo dos resultados electorais, teremos unha despedida para todos. Quería ter un detalle. Hai uns pins, pero hai xente que estivo no Concello moitos anos e quería ter outro detalle. Non digo unha placa, pero si un escudo do Concello ou algo similar.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 19:50 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE  
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA  
ANA VELO RUIZ